

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. O RIBEIRO

GRUPO: 3º ESO

MATERIA: VALORES ÉTICOS

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

DATA: 11 maio 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: Valores Éticos

GRUPO: 3º ESO

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1	Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.
2	Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.
3	Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites.
4 A cualificación dos alumnos dos estándares que van do 1 ao 4 inclusive efectuarase na súa meirande parte pola corrección dos traballos entregados ao longo do curso. Deste xeito, os traballos en pequeno grupo ou os traballos individuais suporán o 80% da cualificación final, o 10% extraerase da participación axeitada nas intervencións orais ou debates levados a cabo durante o curso. O 10% restante extraerase da actitude de traballo reflexada na aula por parte do alumno.	Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.
Os estándares que aparecen a continuación serán traballados como tarefas que mellorarán no seu caso a cualificación final do alumno	Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.
	Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).

2. Avaliación e cualificación

Avaliación.

Procedementos avaliación:

Os procedementos empregados ao longo do curso están centrados basicamente na búsqueda dirixida polo docente de información a través de internet, así como os debates, posta en común, e a participación dos alumnos na aula. Para a terceira avaliación, os traballos que os alumnos desenvolvan, serán remitidos electrónicamente ao docente ao longo deste período non presencial

Instrumentos avaliación:

O docente calificará os traballos das dúas primeiras avaliacións según os criterios explicitados anteriormente. Os traballos remitidos durante a terceira avaliación, serán examinados e corrixidos, no seu, caso ao longo destes meses derradeiros do curso

Cualificación final :

O procedemento da avaliación terá en conta os traballos desenvolvidos no período presencial do curso como a principal cualificación que obterá o alumno. Esta cualificación ten a posibilidade de ser aumentada nun máximo de dous puntos pola calidade dos traballos enviados no período non presencial

Proba extraordinaria de setembro:

Dependendo da posibilidade da presencialidade do alumnado, a proba de setembro adoitará a forma dun exame ou dun traballo que recolla a materia fundamental reflectida nos estándares sinalados con anterioridade

Alumnado de materia pendiente

Criterios de avaliación:

Os mesmos que na avaliación ordinaria

Criterios de cualificación:

Os mesmos que na avaliación ordinaria

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Examen ordinario si existe a posibilidade presencial ou traballo remitido ao docente de non existir dita posibilidade

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades :

Como xa foi indicado anteriormente, os traballos remitidos ao docente serán establecidos como as actividades por excelencia deste período. No caso dunha avaliación negativa obtida nalgunha avaliación ou avaliacións anteriores, ditos traballos reforzarán a información que habería de ser recollida ao longo deste período

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade);

Todo o alumnado que cursa esta materia ten acceso a conectividade e o correo electrónico e a participación mediante a aula virtual funcionarán como intercambio entre o docente e o alumnado

Materiais e recursos :

A rede (internet), constituirá a gran plataforma de información necesaria para a obtención da información requerida ao alumnado

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias.

Fundamentalmente, o correo electrónico constituirá o medio elexido para a comunicación coas familias e como intercambio de información entre o alumnado e o docente

Publicidade.

Publicación na páxina web do centro.